



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA E TURISMO  
Dirección Xeral de Políticas Culturais

galicia

**PROPOSTA DA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICAS CULTURAIAS DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCIÓNS A INSTITUCIÓNS SEN FIN DE LUCRO E ENTIDADES LOCAIS GALEGAS , DESTINADAS AO FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES DERIVADOS DA REALIZACIÓN DE FESTIVAIS, FEIRAS, MOSTRAS, CICLOS E CERTAMES DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS DE CARÁCTER AFECCIONADO, 2019**

Anxo Manuel Lorenzo Suárez, director xeral de Políticas Culturais, vista a acta da Comisión da Avaliación constituída para examinar e valorar as solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen fin de lucro e entidades locais galegas, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado (DOG núm. 30, de 12 de febreiro de 2019), e consonte o establecido no artigo 14.1 da dita Orde,

**PROPÓN:**

**Primeiro.** Aprobar a listaxe de solicitudes admitidas e puntuacións correspondentes, incluíndo aquelas solicitudes que non acadaron as puntuacións mínimas establecidas no artigo 14.2 da Orde.

As solicitudes admitidas coas puntuacións relaciónanse no Anexo I que se xunta, ordenadas por número de expediente:

-Anexo I.a): Institucións sen fin de lucro, que comeza pola Agrupación Folclórica Queixumes dos Pinos e remata na Asociación Músico Crisanto.

-Anexo I.b): Entidades locais galegas, que comeza polo Concello de Bande e remata no Concello de Trabada.

**Segundo.** Aprobar a listaxe de solicitudes excluídas e as causas de exclusión, incluíndo as solicitudes que non se axustan ao obxecto, finalidade e requisitos recollidos nos artigos 1 e



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA E TURISMO  
Dirección Xeral de Políticas Culturais

galicia

2 da orde, así como aquelas que non conteñen toda a documentación esixida polo artigo 7 da Orde do 21 de decembro de 2018, despois de ter requirida a emenda de documentación segundo o artigo 9, e transcorrido o prazo de emenda (Anexo II).

**Terceiro.** Publicar a proposta de resolución provisional coas listaxes correspondentes no portal web [www.cultura.gal](http://www.cultura.gal).

**Cuarto.** Segundo establece o artigo 14.6, ábrese un prazo de dez días hábiles a partir do día seguinte á publicación do presente documento no portal web, para a presentación de alegacións, as cales irán dirixidas á Dirección Xeral de Políticas Culturais no lugar e forma indicados no artigo 7 da Orde de convocatoria.

En todo caso, as entidades que presenten alegacións enviaranlle un correo electrónico á Dirección Xeral de Políticas Culturais, no seguinte enderezo: [xestion-administrativa.cultura@xunta.gal](mailto:xestion-administrativa.cultura@xunta.gal), no cal indicarán o día en que se presentou a alegación e o motivo da mesma.

O director xeral de Políticas Culturais

Anxo M. Lorenzo Suárez



Xacobeo 2021

